





# PLAN DIXITAL

## CPR Rías Altas

Versión 1.1- 30 xuño 2022

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

Nome: CPR Plurilingüe Rías Altas

Dirección: Estrada da zapateira s/n. 15008. A Coruña.

Correo: [cpr.rias.altas@edu.xunta.gal](mailto:cpr.rias.altas@edu.xunta.gal)

Páxina web: [www.colegioriasaltas.com](http://www.colegioriasaltas.com)

Etapas educativas: 2º Ciclo de E. Infantil e os ciclos completos de Educación Primaria, ESO e Bacharelato.

Número de alumnos: E. Infantil: 60. E. Primaria: 140. ESO: 115. Bacharelato: 53. Total: 368

Profesorado: 24, incluídos: AL; PT e Orientadora.

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O Colexio Rías Altas está situado en plena natureza, na zona residencial de A Zapateira, a uns catro quilómetros do centro de A Coruña, a menos de 10 minutos de traxecto en coche. É un centro privado concertado de confesionalidade laica cun financiamento derivado das subvencións concedidas a este tipo de Centros pola Consellería de Educación.

As instalacións alcanzan un total de 20.000 m<sup>2</sup> de terreo, nos que se localiza o edificio construído en 1.981 e ampliado cun Pavillón Polideportivo (2.000 m<sup>2</sup>) inaugurado en 1.998. O Centro Educativo, cunha superficie de 4.000 m<sup>2</sup> distribuídos en tres plantas, conta con 17 aulas, 2 laboratorios, 2 salas de audiovisuais, 2 salas de informática, 1 aula obradoiro de actividades, biblioteca, sala de profesores, salón de actos, ximnasio, cociña, patio cuberto, aseos/duchas (11 interiores, 2 exteriores, 1 de discapacitados), 2 vestiarios completos, secretaría e despachos. Nos 14.000 m<sup>2</sup> de espazos exteriores conta con zonas axardinadas, horto escolar e pistas polideportivas.

Oferta servizo de comedor, transporte escolar, aula aberta, gabinete psicopedagóxico, webcam, colonias de verán e Summer Camp.

O 96% dos alumnos matriculados proceden do territorio nacional, sendo o restante 4% inmigrantes. A porcentaxe de alumnos con NEE diagnosticadas é do 0,3%, ditos alumnos reciben atención psicopedagóxica no propio Centro.

Segundo os datos recollidos nunha enquisa entre os alumnos de cursos superiores do Centro, os seus hábitos de lecer máis sinalados son: Deportes (51%), utilización de ordenadores, televisión, videoconsolas, etc. (30%) e actos sociais en grupos de amigos (65%).

Preguntados acerca das súas expectativas futuras de estudos ou de acceso ao mundo laboral, un 56% teñen pensado facer unha carreira universitaria e un 24% decantase polos Ciclos Formativos.

O colectivo profesional do Centro está constituído por un total de 24 profesores (tres deles dedicados ao apoio psicopedagóxico) e 9 traballadores que integran o corpo de administración e servizos, dos cales o 31% son homes e o 69% mulleres cunha media de 50 anos de idade e 15 de antigüidade no Centro.

En canto á súa titulación, o 59% dos docentes son licenciados superiores ou equivalente e o 41% son diplomados ou equivalente.

Das familias que teñen escolarizados aos seus fillos neste centro, o 77% son de tipo nuclear simple, e o 9% son familias monoparentais de figura materna.

O 82% das familias proceden da Comunidade Autónoma de Galicia, o 12% de outras autonomías nacionais e un 6% de fóra do territorio nacional.

Un 46% dos pais ten unha titulación universitaria, mentres que no caso das nais esta porcentaxe ascende a un 43%. No 90% dos casos, ambos cónxuxes da parella traballan fóra da casa.

As Tecnoloxías da Información e Comunicación son unha realidade na nosa sociedade e, como non pode ser menos, tamén o son na educación. Estas TICs preséntanse como unha disciplina transversal, que crecen de forma exponencial en canto aos avances que presentan, podendo ser aplicadas a calquera rama do coñecemento.

A aplicación das TICs nos procesos de ensino-aprendizaxe, cobran un protagonismo excepcional debido á demanda da sociedade, e polo tanto do noso alumnado, na utilización dos recursos que a sociedade da información nos ofrece.

A idea fundamental é a consolidación dos coñecementos, por parte do noso alumnado, para que non exista unha fenda dixital e polo tanto para que os ensinamentos que se impartan no noso centro sexan competitivos e atractivos para o mesmo.

Unha correcta integración das TICs no noso centro pode supoñer: a potenciación da motivación do alumnado; unha busca fácil da información que o alumno debe aprender a manexar e transformar en coñecemento dentro dunha aprendizaxe significativa; a utilización dun recurso innovador na tarefa diaria do profesor na aula, que grazas á súa versatilidade lle permitirá diferentes aplicacións didácticas; o deseño de novos materiais de traballo, etc.

Estas razóns son as que nos levaron a apostar, tal e como se recolle no noso Proxecto Educativo, pola introdución das novas tecnoloxías da información e seguir avanzando na incorporación das mesmas, na medida das posibilidades e necesidades.

Froito desta inqueda é a elaboración do presente Plan Dixital, para aumentar e perfeccionar a aposta inicial recollida no noso PEC.

Con este Plan pretendemos:

- Actualizar os procesos de ensino e aprendizaxe cara a unha pedagogía aberta, flexible e construtiva, que promova a atención á diversidade e a interculturalidade
- Aumentar a motivación entre os profesores propoñendo novos retos que contaxien o interese dos mesmos.
- Posibilitar unha formación do profesorado continua e actualizada de ferramentas e tecnoloxías de forma que repercuta positivamente no noso alumnado.

En definitiva, a nosa motivación é mostrar unha imaxe do centro innovadora e acorde cos tempos presentes.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

A situación de estado de alarma a causa do Covid-19 implicou que o curso 2020 – 2021 tivese diversos escenarios posibles para desenvolver a actividade educativa dependendo da situación sanitaria e as posibles limitacións á asistencia presencial a clase. Isto fixo imprescindible ter implantado un entorno virtual de aprendizaxe que dese continuidade a dita actividade educativa en calquera situación de alarma ou confinamento e ademais dese cumprimento ao plan de continxencia establecido a través de normas e recomendacións.

Partindo desta necesidade e en base a normativa vixente elabórase este PD. Así terase como base os seguinte seguintes referentes legais.

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LOE 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-20*

## 1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración e coordinación do Plan Dixital distinguimos tres fases ou momentos no desenvolvemento do mesmo:

- a) **1ª Fase: Análise.** Completando e detectando as necesidades, debilidades e problemas que necesitan accións concretas no centro. Fase en constante evolución.
- b) **2ª Fase: Desenrrolo.** Posta en práctica das diferentes accións susceptibles de ser realizadas. Toda a comunidade educativa e os axentes específicos, levarán a cabo os aspectos recollidos neste documento de acordo á súa función.
- c) **3ª Fase: Avaliación.** Como base para unha mellora continua, recopílanse resultados, e a avaliación das accións e procesos que se levaron a cabo mediante a ferramenta SELFIE. Co claustro preceptivo de final de curso presentaranse os resultados.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

**Conectividade:** o centro conta cunha fibra óptica de 300 Mbps para atender as peticións tanto do alumnado como do profesorado. Ademais instaláronse varias antenas repetidoras dotando de acceso WiFi a todo o centro.

1. En cuanto ao **equipamento**, contamos cos seguintes medios todos eles adquiridos polo centro. A excepción son os ordenadores do alumnado de 5º e 6º de E. Primaria, e os de 1º e 2º de ESO, aportados pola Xunta.

Lugar	PCs	Canóns	Conexión rede	Impresoras	Pizarra Dixital	Adquirido por/enviado por
Secretaría	3	0	SI	2	0	Centro
Dirección	1	0	SI	1	0	Centro
X. Estudos	1	0	SI	0	0	Centro
Orientación	1	0	SI	0	0	Centro
S. Profesores	2	0	SI	1	0	Centro
A. Informática	10	1	SI	0	1	Centro
Biblioteca	1	1	SI	0	1	Centro
4º E. Infantil	1	1	SI	0	1	Centro
5º E. Infantil	1	1	SI	0	0	Centro
6º E. Infantil	1	1	SI	0	1	Centro
1º E. Primaria	1	1	SI	0	1	Centro
2º E. Primaria	1	1	SI	0	1	Centro
3º E. Primaria	1	1	SI	0	1	Centro
4º E. Primaria	1	1	SI	0	1	Centro
5º E. Primaria	1	1	SI	0	1	Xunta
6º E. Primaria	1	1	SI	0	1	Xunta
1º ESO	1	1	SI	0	1	Xunta
2º ESO	1	1	SI	0	1	Xunta
3º ESO	0	1	SI	0	1	Centro
4º ESO	0	1	SI	0	0	Centro
1º Bacharelato	0	1	SI	0	0	Centro
2º Bacharelato	0	1	SI	0	0	Centro
A. Debuxo	0	0	SI	0	0	Centro
L Física	0	0	SI	0	0	Centro
L. Química	0	0	SI	0	0	Centro

Os ordenadores do centro contan con sistemas operativos Windows e Linux. Existe licenzia para todos e cada un dos sistemas operativos Windows. En canto ás suites ofimáticas dispoñemos de OpenOffice.

En canto aos **servizos dixitais educativos**, contamos cunha plataforma propia, Nuntio, para a xestión integral do Centro (mensaxería alumnos e pais, avaliación, boletíns notas, etc.) dispoñemos de páxina web ([www.colegioriasaltas.com](http://www.colegioriasaltas.com)), que se actualiza constantemente e de Aula Virtual Moodle, adaptada ás necesidades do centro.

Finalmente, o centro participa nos servizos corporativos abalarespazo (5º e 6º de E. Primaria) e E-Dixgal (1º e 2º de ESO).



A **xestión do mantemento do equipamento** corre a cargo da empresa informática Andaina, que presta o servizo cun informático, cunha dedicación de 20 horas semanais.

Dende o curso 2020- 2021, o centro dispón dun plan de continxencia onde se recollen as actuacións para o período de actividade lectiva non presencial, así como, as medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial. Igualmente, contamos cun Plan de ensino virtual coa finalidade de proporcionar un sistema regrado e estable de docencia virtual que ofrezca ao alumnado en corentenas ou confinamentos totais ou parciais unhas rutinas similares ás do ensino presencial.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

As fontes empregadas para a análise inicial foron as seguintes:

- Análise da competencia dixital do centro (alumnado, profesorado e membros do equipo directivo), coa ferramenta SELFIE.
- Análise da competencia dixital do profesorado con TestCDD

### RESUMO DAS ÁREAS DO INFORME SELFIE DE CADA ETAPA EDUCATIVA

Areas	Grupos	Ensinanzas		
		Primaria	ESO	Bacharelato
A -Liderado	Equipo Direct.	3,4	3,6	3,6
	Profesorado	3,3	2,8	2,8
	Alumnado			
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,9	3,2	3,2
	Profesorado	2,7	2,6	2,4
	Alumnado	3,2	2,5	2,8
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,9	3,8	3,9
	Profesorado	3,3	3	2,9
	Alumnado	3,5	2,8	2,9
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4	3,8	3,8
	Profesorado	3,1	2,7	2,3
	Alumnado			
E- Pedagogía:	Equipo Direct.	4,1	4	4

Apoio e Recursos	Profesorado	4,3	3,5	3,4
	Alumnado		3,6	4
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,6	3,2	3,3
	Profesorado	3,8	3,3	2,5
	Alumnado	3,2	2,8	2,6
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,6	3,5	3,6
	Profesorado	3,3	2,7	2,6
	Alumnado		2,5	2,4
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,6	3,8	3,8
	Profesorado	3,4	3	3
	Alumnado	3,3	2,7	2,7

### TÁBOAS RESUMO DO TESTCDD DO CENTRO

*Participación segundo perfil do profesorado*

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	21	24	87,5%
SUBSTITUTO	1	4	25%

*Puntuación e nivel de competencia do centro*

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
69,7	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

*Puntuación e nivel de competencia por etapas*

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	58	Explorador/a (A1)	68,2	Integrador/A (B1)
ESO	67,5	Integrador/A (B1)	79,2	Integrador/A (B1)

PRI.	82,1	Integrador/A (B1)	77	Integrador/A (B1)
------	------	-------------------	----	-------------------

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	3	13,6%
A2	9	40,9%
B1	7	31,8%
B2	2	9,1%
C1	1	4,5%
C2	0	0
TOTAL	22	99,9%

### 2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>C3. O centro dispón dun bo acceso a internet</p> <p>C7. Existencia dun sistema de protección de datos.</p> <p>C13. Facilidade por parte do alumnado para traer os seus dispositivos.</p>	<p>C3. Aínda que existe unha infraestrutura que facilita o acceso a internet e respalda o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais, esta pode degradar a súa eficiencia se incrementa o número de dispositivos no centro (dispositivos móbiles do alumnado).</p> <p>C15 Escasez de tecnoloxías asistenciais C10. O centro apenas dispón de dispositivos para o alumnado.</p> <p>C16. Discrepancias entre o equipo directivo e o profesorado en canto á existencia de Bibliotecas/repositorios en línea.</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>D1. O centro organiza cursos e tutoriais de formación dixital. E1. O profesorado dispón de recursos</p>	<p>A4. O profesorado apenas traballa en proxectos interdisciplinares. D1,2,3. O profesorado carece de</p>

		<p>educativos en liña. E4. Grazas á nosa plataforma Nuntio existe unha moi boa comunicación coas familias.</p> <p>G3. Gran parte do profesorado emprega as ferramentas dixitais para a retroalimentación co alumnado</p> <p>G7. O centro facilita ferramentas dixitais para a avaliación do alumnado.</p>	<p>tempo para desenrolar material de aprendizaxe</p> <p>G5. Escasa autoreflexión sobre a aprendizaxe.</p> <p>G6. Escasa práctica de avaliación por competencias e con instrumentos dixitais variados. G10. Equipo directivo e profesorado cren que non se avalian as capacidades dixitais desenroladas polo alumnado fóra do centro.</p>
	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>		
	<b>ALUMNADO</b>	<p>H1. H3. O alumnado amosa un comportamento seguro e responsable no uso das tecnoloxías dixitais.</p> <p>H8. O alumnado é quen de empregar ferramentas dixitais para comunicarse.</p>	<p>H.4 o alumnado de Bacharelato non sempre verifica a fiabilidade da información atopada na rede.</p> <p>H11. O alumnado é deficiente na aprendizaxe para codificar e programar.</p>
	<b>FAMILIAS</b>		
	<b>OFERTA</b>		
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<p>C5. O centro dispón dun informático que presta asistencia técnica.</p>	<p>A4. O profesorado carece de tempo para explorar o ensino dixital.</p> <p>B1. Discrepancia entre o equipo directivo e o profesorado na avaliación do progreso dixital</p> <p>B4. Non existen sinerxias para o ensino e a aprendizaxe a distancia.</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	C1. C2 En 5º, 6º de Primaria e 1º e 2º ESO o centro participa en EDIXGAL	A1. Financiación escasa por parte da administración.
	LEXISLACIÓN	A5. Claro coñecemento sobre	A5. C7 Lexislación abundante e

		dereitos de autor e licenzas de uso.	cambiante.
	<b>CONTORNA</b>	C11. C12. Contexto económico e sociocultural da maioría das familias que axuda a evitar a brecha dixital.	C11. C12. A fenda dixital pode dificultar o emprego de ferramentas telemáticas para a comunicación con algunhas familias.
	<b>ANPA</b>		C16. Escasos medios da ANPA para cofinanciar os recursos dixitais.
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	B3. O centro colabora co Concello da Coruña e en menor medida co de Culleredo.	B4. Non hai colaboración con outros centros.

### 3. Plan de Acción

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

O plan de acción está contemplado para que se vaia implantando ao longo do curso 2022 - 2023 segundo a prioridade de actuación que se requira. Neste sentido, prestarase especial atención a mellorar a nosa infraestrutura e equipos, así como a impulsar o emprego das TICs no ensino-aprendizaxe.

Cada unha das accións propostas terá asociado un obxectivo measurable, real, planificado e axustado ás necesidades do centro. Determinaranse unha serie de indicadores para medir a súa consecución durante a súa implantación e ao remate do curso.

Para poder traballar cada un dos obxectivos, amósase a información en tablas que recollen os seguintes aspectos:

1. Área de mellora: para poder identificar cada unha delas.
2. Obxectivo: onde estableceremos o obxectivos que queremos acadar.
3. Responsable: equipo directivo, coordinador TICs, profesorado...
4. Indicadores: onde se amosará que indicadores se utilizarán para corroborar o cumprimento do obxectivo proposto, cun indicador “meta”, que é ao que aspiramos.
5. Accións: neste apartado recóllense as accións que planificamos para acadar o noso obxectivo e nel recóllese a persoa responsable de que se leve a cabo, o prazo para realizala e, finalmente, si se levou a cabo.

Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": C INFRAESTRUCTURAS E EQUIPOS						
<b>OBXECTIVO (1):</b>	Optimización das conexións físicas dos dispositivos dixitais nas aulas.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo Directivo.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe de existencia de conexións óptimas nas distintas aulas do Centro.					
<b>Valor de partida (3)</b>	40% non óptima.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	100% de conexións óptimas nas aulas do centro.			30/06/2023.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Elaboración dun estudo das necesidades en relación á infraestrutura de conectividade do Centro	Equipo Directivo. Técnico informático do Centro.	30/11/2022	Técnico informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Buscar a colaboración da ANPA como organismo dinamizador para a adquisición de material	Equipo Directivo.	20/12/2022	Técnico informático. ANPA. Presuposto que suporía a mellora das conexións		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Instalación do equipamento adquirido nos puntos nos que se detectaron as necesidades	Equipo Directivo Técnico informático do Centro	30/06/2023	Equipamentos novos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

T



<b>“Área/s de mellora”: C INFRAESTRUCTURAS E EQUIPOS</b>						
<b>OBXECTIVO (1):</b>	Crear repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensinanza-aprendizaxe.				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador TIC.				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Existencia dun repositorio na aula virtual do Centro con materiais de ensinanza-aprendizaxe para as diferentes áreas.					
<b>Valor de partida (3)</b>	Inexistencia dun repositorio na aula virtual do Centro con materiais de ensinanza-aprendizaxe para as diferentes áreas.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Existencia dun repositorio na aula virtual do Centro con materiais de ensinanza-aprendizaxe para as diferentes áreas.			30/06/2023.		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO2.1:</b> Detección de necesidades e creación e posta en marcha do repositorio.	Equipo Directivo.	20/12/2022	Coordinador TIC.		<b>Realizada</b>	
	Coordinador TIC.		Coordinador Plan Dixital.		<b>Aprazada</b>	
	Coordinador Plan Dixital.		Persoal docente do centro con competencia dixital suficiente.		<b>Pendente</b>	
<b>AO2.2:</b> Creación de sendos titoriais para profesorado e alumnado sobre a utilización do repositorio.	Equipo Directivo.	30/01/2023.	Coordinador TIC		<b>Realizada</b>	
	Coordinador TIC.		Coordinador Plan Dixital..		<b>Aprazada</b>	
	Coordinador Plan Dixital.		Persoal docente do centro con competencia dixital suficiente.		<b>Pendente</b>	
<b>AO2.3:</b> Dotación de contido ao repositorio por parte do profesorado do centro tendo en conta a súa área correspondiente.	Equipo Directivo.	30/06/2023	Coordinador TIC.		<b>Realizada</b>	
	Coordinador TIC.		Coordinador Plan Dixital.		<b>Aprazada</b>	
	Coordinador Plan Dixital.		Crupo colaborativo de docentes.		<b>Pendente</b>	

"Área/s de mellora": F PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA						
<b>OBXECTIVO (1):</b>	Usar actividades de Moodle que impliquen retroalimentación instantánea.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo Directivo.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe de profesorado que crea e usa actividades de retroalimentación.					
<b>Valor de partida (3)</b>	10% do profesorado crea e usa actividades de retroalimentación.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	40% do profesorado crea e usa actividades de retroalimentación.				30/06/2023.	
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A03.1: Detección de necesidades e formación ao profesorado nas actividades de moodle que se precisen.	Coordinador TIC. Coordinador Plan Dixital.	20/12/2022	Seminario, cursos ou/e tutoriais Equipos para o profesorado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Creación por parte do profesorado actividades en moodle que proporcionen retroalimentación instantánea.	Profesorado de cada área / materia.	30/06/2023.	Aula virtual. Equipos para o profesorado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Implementar e utilizar as actividades co alumnado.	Profesorado de cada área / materia.	30/06/2023.	Actividades creadas. Equipos para profesorado e alumnado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": H COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO						
<b>OBXECTIVO (1):</b>	Mellorar a competencia dixital do alumnado de ESO e Bacharelato en ofimática e edición multimedia básica.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo Directivo.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe de alumnado capaz de empregar ferramentas de ofimática e edición multimedia básicas de forma axeitada.					
<b>Valor de partida (3)</b>	5% do alumnado é quen de empregar axeitadamente ferramentas de ofimática e edición multimedia básicas.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	75% do alumnado é quen de empregar axeitadamente ferramentas de ofimática e edición multimedia básicas.			30/06/2023.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Valoración inicial da competencia dixital do alumnado de ESO e Bach. A través da aula virtual do Centro.	Profesor TICs.	01/10/2022	Aula Virtual. Cuestionarios individuais.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Formación alumnado segundo os resultados obtidos.	Profesor TICs. Profesorado do centro.	30/03/2023	Aula Virtual e aplicacións de ofimática e edición multimedia.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Aplicación das habilidades adquiridas para a confección dos distintos traballos pedidos nas distinta áreas ou materias.	Profesorado centro. Alumnado ESO / Bacharelato.	30/06/2023	Aula Virtual e aplicacións de ofimática e edición multimedia.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

T

"Área/s de mellora": E PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS						
<b>OBXECTIVO (1):</b>	Realizar unha actividade de aprendizaxe colaborativa, interdisciplinar e empregando as TICs, entre os alumnos de E. Primaria para unha aprendizaxe individual e colectiva.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador TICs.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Frecuencia de elaboración da actividade colaborativa.					
<b>Valor de partida (3)</b>	Inexistencia de actividades colaborativas					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Existencia de tres actividades anuais.				30/06/2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A05.1: Deseño e planificación das actividades.	Coordinador TICs. Profesorado E. Primaria.	20/12/2022	Coordinador TICs. Coordinador Plan Dixital. Profesorado E. Primaria.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.2: Elaboración das actividades e participación do alumnado nelas.	Coordinador TICs. Profesorado E. Primaria.	30/06/2023	Aula virtual do centro. Equipos dixitais. Profesorado E. Primaria. Alumnado de E. Primaria.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.3 Difusión, dentro das familias, das actividades elaboradas.	Profesorado E. Primaria.	30/06/2023	Plataforma do Centro. Coordinador Plan Dixital. Comunidade educativa.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": F PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA						
<b>OBXECTIVO (1):</b>	Crear un banco de recursos por parte do profesorado para a mellora do proceso de aprendizaxe.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador Plan Dixital.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Cantidade de recursos creados e introducidos no banco.					
<b>Valor de partida (3)</b>	Inexistencia de recursos creados e introducidos no banco .					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Creación e introdución, para toda E. Primaria, de 10 recursos no banco.			30/06/2023.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO6.1: Creación da ubicación do banco dentro da aula virtual do centro e do grupo de traballo para o banco.	Equipo directivo. Coordinador Plan Dixital.	01/10/2022	Aula virtual do centro. Coordinador Plan Dixital. Profesorado do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Dotar de contido o banco de recursos.	Coordinador Plan Dixital. Profesorado de cada área ou materia.	30/01/2023	Aula virtual do centro. Equipos informáticos. Páxinas e aplicacións webs.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.3: Implementar e utilizar o banco de recursos co alumnado.	Profesorado de cada área ou materia. Alumnado.	30/06/2023	Actividades creadas. Equipos para profesorado e alumnado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.4: Valoración do uso do banco de recursos por parte do profesorado e alumnado.	Titores.	30/06/2023	Cuestionario para o alumnado e o profesorado.			

"Área/s de mellora": G PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN						
<b>OBXECTIVO (1):</b>	Empregar as tecnoloxías dixitais paara apoiar a avaliación formativa e sumativa da aprendizaxe.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo Directivo.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe de docentes que avalían utilizando as tecnoloxías dixitais					
<b>Valor de partida (3)</b>	20% de docentes avalían utilizando as tecnoloxías dixitais para apoiar a avaliación formativa e sumativa da aprendizaxe.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	50% de docentes avalían utilizando as tecnoloxías dixitais para apoiar a avaliación formativa e sumativa da aprendizaxe.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A07.1: Deseño e elaboración da proba de avaliación	Coordinador Plan Dixital. Profesorado..	20/12/2022	Coordinador Plan Dixital. Persoal docente do centro con competencia dixital suficiente. Aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.2: Posta en práctica da proba co alumnado.	Profesorado de cada materia ou área.	30/06/2023	Aula virtual do centro Equipos informáticos Probas creadas. Alumnado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.3 Avaliación de resultados obtidos tras o uso desas probas.	Profesorado de cada materia ou área.	30/06/2023	Profesorado. Resultados das probas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

T



"Área/s de mellora": D: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO						
<b>OBXECTIVO (1):</b>	Participar nun curso de formación na plataforma administrativa do centro Nuntio e na aula virtual moodle.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador Plan Dixital.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe de profesorado participante na formación. Elaboración xogos e actividades con retroalimentación.					
<b>Valor de partida (3)</b>	30% do profesorado participa na formación. 0 xogos e actividades con retroalimentación elaborados.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	80% do profesorado participa na formación			30/06/2023.		
5 xogos e actividades con retroalimentación elaborados.						
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A08.1: Realización do curso: Utilidade dos recursos nas distintas etapas e a súa creación.	Coordinador TIC. Coordinador Plan Dixital.	30/11/2022	Aula virtual Moodle. Zoom. Plataforma Nuntio		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A08.2: Elaboración de recursos	Profesorado de cada área ou materia.	30/03/2023.	Aula Virtual Moodle. Plataforma Nuntio.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A08.3: Avaliación de resultados	Equipo directivo. Coordinador TIC. Coordinador Plan Dixital.	30/06/2023.	Aula Virtual Moodle. Plataforma Nuntio.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### **3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnológicas**

A continuación, e tendo en conta as instrucións enviadas por AMTEGA, atópase unha relación do que o noso centro precisa en canto a equipamento e infraestructuras tecnolóxicas, para así mellorar non soamente o centro, se non tamén a calidade do ensino aprendizaxe co noso alumnado.

Equipamento/Infraestructura que se precisa	Unidades	Localización	Xustificación da necesidade
PCs	2	Sala de Profesores	Reposición de actuais obsoletos
PCs	10	Aula de Informática	Reposición de actuais obsoletos
Pizarra Dixital	1	5º E. Infantil	Dotar de material non dispoñible.

#### 4. Avaliación do plan

Cada unha das accións propostas neste plan ten uns indicadores específicos que axudarán a determinar se o obxectivo proposto se acadou e se cómpre realizar variacións no establecemento destas accións durante o curso para que as propostas se materialicen. Para iso, unha vez ao trimestre realizarase unha avaliación procesual.

Coa análise destes indicadores, elaborárase un informe avaliativo final no que se recollerán os resultados, os aspectos negativos, os positivos e as propostas de mellora para cursos posteriores.

#### 5. Difusión do plan

Unha vez aprobado publicarase o Plan na web do centro, na plataforma dixital da ferramenta Nuntio, e no apartado en red correspondente dos ordenadores locais do centro. A sección creada se instalará no espazo de “Documentación Rías Altas”.